

## ESCOLARIZACIÓN ALUMNADO PARA O CURSO 2016/2017

### PRAZOS

1. **Reserva de praza no centro de adscrición: 1 – 15 de febreiro.**
2. **Presentación da solicitude de admisión: 1- 29 de marzo.**
3. **Formalización da matrícula en educación infantil e primaria: 20-30 de xuño.**
4. **Formalización da matrícula en ESO e bacharelato: 25 de xuño – 10 de xullo.**
5. **Prazo extraordinario de formalización de matrícula ne ESO e bacharelato: 1- 10 de setembro.**

### **ACCESO AOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E AUTORIZACIÓN DE UTILIZACIÓN DE DATOS DE IDENTIDADE PERSOAL, DE VERIFICAICÓN DE RESIDENCIA E DE INFORMACIÓN TRIBUTARIA**

1- As nais, pais ou representantes legais do alumnado que, de acordo co disposto nesta orde, presenten solicitude de admisión ou formalicen a matrícula, **deberán indicar expresamente nestas se solicitan o uso dos servizos complementarios de comedor e/ou transporte escolar.**

2- Para os únicos efectos de acceder aos ditos servizos, as persoas interesadas autorizarán expresamente a utilización dos datos de identidade persoal e de residencia, que serán subministrados directamente a esta consellería polos respectivos Sistemas de Verificación de Datos de Identidade e Residencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Así mesmo, autorizarán a utilización da información tributaria que se precise, que será subministrada directamente a esta consellería pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.